


Ás caladiñas

Blog de Montse Dopico. Xornalista

30/12/2011

Os quilómetros que percorremos dende aquela

por [Montse Dopico](#)



"somos fame/ tamén/ para o soño". Haikus, coma este. Poemas longos e curtos. Algo de prosa. Todos teñen o seu espazo en Os quilómetros que percorremos dende aquela, (Toxosoutos), o novo libro de [Alberte Momán](#). Unha obra na que o autor ferrolán amosa como a súa voz poética sigue medrando. Cada vez máis limpa, no estilo. E cada vez máis rica, na expresión.

Non é a primeira vez que [Alberte Momán](#) fai literatura erótica. Xa gañara o Illas Sisargas con Baile . tha Chiath no 2008 e o Narrativas Quentes por O lobo da xente. En Os quilómetros que percorremos dende aquela volve explorar o amor, na súa cotianeidade. As súas distintas etapas. Tamén o desamor. A ausencia. A dor da despedida.

Pero segue a ser recoñecible, neste libro, o Momán máis político: menos visible aquí, porén, que en, por exemplo, [A crise irreductible](#). "recoiro ás vontades da propiedade privada/ que sente un desprezo tenaz/ contra a forza de traballo", di. Ou "o que me lembra un detalle de min mesmo/ descura pero esperanzadora/ condición de neofalante/ a ironía máis cruel/ ou o sarcasmo/ abrollan dos meus beizos na lingua do imperio".

Do mesmo xeito que en [Sermos un](#), a obra coa que gañou o premio de poesía Aurelio Aguirre, sosteñen este texto forzas opostas: o amor e a xenreira. Só que do amor tamén se amosan as súas distintas caras: paixón, soidade, dependencia...

Como se pon de manifesto, unha vez máis, a febleza do sistema económico e político que nos constrúe: "tan só coa verticalidade dos meus versos/ son quen de definir á esquerda deste país/ que crin recuperar/ neste traballo/ que comezo/ con retardo/ a comprender/ detestando a miña figura ambigua/ intrascendente", escribe. "vivimos a nosa/ propia/ Perestroika/ perdidos na postmodernidade", di noutro lugar dun poemario estruturado en partes independentes e interrelacionadas.

Momán forma parte do moi activo colectivo 'A Porta Verde do Sétimo Andar', co que publicou non hai moito outro libro, 'De Castro', no que el mesmo e Alba Méndez achegan a súa visión sobre a obra de Rosalía. Esta obra abría o selo 'Q de Vian Cadernos', creado para ser un punto de encontro da produción artística de toda a lusofonía. Coma el, moitos outros membros do colectivo amosan o ronsel da poesía que se deu en chamar dos 90. Un tipo de creación no que as inquietudes sociais e políticas están moi presentes. Pero doutra maneira.